

DATA

DO 6 DE XULLO AO 14 DE AGOSTO DE 2020

DESTINATARIOS

NENOS/AS DE 4 A 12 ANOS

LUGAR DE INSCRICION

NO CONCELLO DE MELIDE CON CITA PREVIA
OU NA SEDE ELECTRÓNICA

PRAZAS LIMITADAS

75 PRAZAS

HORARIO


DE 8:45 A 14:15 H

PRAZO DE INSCRICION

DO 18 AO 30 DE XUÑO DE 2020

ADMISION

Pór orde de inscrición con preferencia
dos nenos/as empadroados/as no
Concello de Melide e ambos os
proxenitores traballadores.



+ INFO CAMPAMENTOS DE VERÁN – CONCELLO DE MELIDE

INSCRICIÓN:

A inscrición deberá realizarse por escrito en modelo normalizado e presentarse no rexistro do Concello de Melide xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do cartón sanitario do participante
- Xustificante de pagamento da cota de inscrición
- No caso de que queira que se priorice a súa inscrición por conciliación da vida familiar e laboral, deberá presentar fotocopia do libro de familia e un xustificante de que os dous proxenitores traballan no período dos campamentos (contratos de traballo e cabeceira da última nómina).

COTA DE INSCRICIÓN

A cota de inscrición deberá ingresarse en calquera dos seguintes números de conta, por transferencia bancaria ou ben de maneira presencial na mesma entidade:

ABANCA: ES60 -2080 - 0370 - 9731 - 1000 - 0020

BBVA: ES16 - 0182 - 5947 - 1002 - 0015 - 0421

Segundo o establecido na ordenanza, o prezo público dos campamentos urbanos é de:

- para as quendas de 4 días semanais: 12,40 euros
- as quendas de 5 días semanais: 15,50 euros

En caso de inscrición da mesma familia dun segundo irmán ou sucesivos o custo deste segundo e seguintes irmáns será:

- nas quendas de 4 días semanais: 9,80 euros
- nas quendas de 5 días semanais: 12,25 euros

INSCRICIÓN POR QUENDAS

No momento da inscrición poderá seleccionar as semanas nas que cada neno/a vai participar. No caso de querer darse de baixa ou alta nalguna das semanas, o solicitante deberá cubrir unha solicitude de modificación de datos antes do mércores previo á semana en cuestión e presentala por rexistro de entrada no Concello de Melide. De non facelo así, non serán efectivas as baixas e por tanto non se devolverá a cota de inscrición.

ADMISIÓN DE PARTICIPANTES

A admisión de nenos/as nos campamentos farase tendo en conta estritamente a orde de entrada de solicitudes no rexistro do concello. No caso de haber máis solicitudes que prazas ofertadas, terán prioridade os nenos e nenas empadroados no Concello de Melide. No caso de que cos nenos e nenas empadroados en Melide se cubran todas as prazas, terán prioridade os fillos/as empadroados/as en Melide cuxos proxenitores acrediten que están traballando durante o período dos campamentos.

LISTA DE ESPERA

Os nenos/as que non consigan praza no campamento, quedarán en lista de agarda tendo en conta a orde de entrada das solicitudes no rexistro. No momento que se produza algunha baixa tirarase da lista de espera respetando o orde de entrada no rexistro do Concello, priorizando da mesma maneira os nenos/as empadroados no Concello de Melide e os fillos/as empadroados no Concello de Melide no que os dous proxenitores acrediten que están traballando durante o período dos campamentos.

DEVOLUCIÓN DE COTAS

No caso de que o neno/a non fose admitido nos campamentos, a Administración devolverá de oficio a cota de inscrición logo de rematar os campamentos de verán. No caso de que se decrete a cancelación ou suspensión do campamento, o Concello de Melide devolverá as correspondentes cotas de inscrición.

ALGUNHA DAS RECOMENDACIÓNS PREVIAS ÁS FAMILIAS E PARTICIPANTES:

- Para participar no campamento, todas as familias deberán aceptar unha declaración responsable, onde garanten que a saúde do neno/a durante os 14 días previos á entrada ao campamento foi a adecuada e non sufriu nin tos, nin febre, nin cansazo ou falta de aire. Ademais de non estar en contacto con ninguén coa dita sintomatoloxía nin ter patoloxías previas que poidan agravar a enfermidade por COVID-19.

- No caso de que durante o trascurso da actividade se declare un caso de contaxio na unidade familiar dun participante, comunicarse directamente ao Concello de Melide e á empresa adxudicataria do servizo. O Concello de Melide comunicará a situación aos servizos sanitarios e seguirá o procedemento indicado por eles.

- Recoméndase ás familias con nenos/as con patoloxías previas que non soliciten participar nos campamentos.

RESUMO DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN POR COVID19

- O uso de máscara será obrigatorio para maiores de seis anos en diante sempre que non sexa posible manter a distancia de seguridade interpersoal de polo menos dous metros. As máscaras serán proporcionadas polo Concello de Melide diariamente na entrada do campamento.

- Evitaranse actividades con moitos participantes e cada grupo estará formado entre 13-15 nenos/as que traballarán de maneira independente e se as condición metereolóxicas o permiten en espazos ao aire libre.

- Tomarase a temperatura a todo o alumnado á entrada do campamento.

- Só acudirá un familiar por cada neno/a.

- Os pais ou acompañantes deben agardar no exterior, mantendo a distancia recomendada de dous metros. Accederán á entrada do centro só cando o abandone o familiar que os preceda. O mesmo para a recollida.

EQUIPAXE RECOMENDADO PARA A ASISTENCIA AO CAMPAMENTO DE VERÁN:

1. Ropa e calzado cómodo, acorde coa meteoroloxía do día. Recoméndase calzado que cubra o pé.
2. Gorra para o sol e chubasqueiro o día de choiva.
3. Crema solar posta da casa
4. Merenda para a media mañá e bebida suficiente para a xornada. Non se poderá compartir nin comida nin bebida.
5. Traer unha bolsiña de plástico hermética para gardar a máscara cando non sexa necesario o seu uso.
6. No caso de facer xogos acuáticos ou baixar á zona de baño, a roupa de baño virá posta da casa, mochila con toalla, gorro e sandalias.